



**I.S.B.N.** 978-84-691-4732-0

**D.L.:** C 2398-2008

**Edita:** Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

**Data:** maio 2008

## Índice de contidos:

---

<b>PRESENTACIÓN DOS DOCUMENTOS</b>	
• Presidenta de CEESG .....	5
• Presidenta de ASEDES .....	7
<b>1. DEFINICIÓN DE EDUCACIÓN SOCIAL</b>	
• Preámbulo .....	9
• Presentación .....	11
• Definición de educación social .....	13
• Puntos de ancoraxe da definición .....	14
<b>2. CÓDIGO DEONTOLÓXICO DO EDUCADOR E DA EDUCADORA SOCIAL</b>	
• Antecedentes .....	19
• Preámbulo .....	20
• <b>CAPÍTULO I.</b>	
Aspectos xerais .....	21
• <b>CAPÍTULO II.</b>	
Principios deontolóxicos xerais .....	24
• <b>CAPÍTULO III.</b>	
Normas deontolóxicas xerais .....	27
<b>Sección primeira.</b>	
O/A educador/a social en relación cos suxeitos da acción socioeducativa .....	27

<b>Sección segunda.</b>	
O/A educador/a social en relación coa súa profesión.....	<b>28</b>
<b>Sección terceira.</b>	
O/A educador/a social en relación co equipo.....	<b>29</b>
<b>Sección cuarta.</b>	
O/A educador/a social en relación coa institución onde realiza o seu traballo.....	<b>31</b>
<b>Sección quinta.</b>	
O/A educador/a social en relación coa sociedade en xeral.....	<b>31</b>
• <b>Disposicións adicionais</b> .....	<b>32</b>

### **3. CATÁLOGO DE FUNCIÓNS E COMPETENCIAS DA EDUCADORA E O EDUCADOR SOCIAL**

• <b>Introdución</b> .....	<b>33</b>
• <b>Definición e conceptos clave</b> .....	<b>36</b>
• <b>Funcións e competencias da educadora e o educador social</b> .....	<b>38</b>
• <b>Bloques de competencias da educadora e o educador social</b> .....	<b>43</b>
• <b>Anexo</b> .....	<b>48</b>

# Presentación dos Documentos

**A** creación de colexios profesionais nas diferentes comunidades autónomas, a constitución da “Asociación Estatal de Educación Social” (ASEDES) e agora a aprobación do “Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales” (CGCEES), constitúen fitos históricos que dan corpo, entidade e soporte á nosa profesión.

Mediante estes órganos levamos xa moitos anos traballando para o recoñecemento social do noso perfil, para a clarificación das nosas funcións e para a mellora das condicións profesionais e laborais das/os educadoras/es sociais.

A nosa é unha profesión relativamente nova e viva, en permanente construción, característica que lle imprime a capacidade de adaptación e anticipación ás novas realidades sociais e educativas. Neste sentido, é competencia destas entidades mobilizar a profesión, xerar debates significativos, e acompañar ás e aos profesionais da Educación Social nos procesos de cambio.

Así mesmo, unha das funcións dos colexios profesionais é proporcionar os recursos pertinentes para promover a profesionalización das/os educadoras/es sociais. Ademais, a necesidade de contar con documentos que nos definan dende a nosa propia perspectiva profesional ten sido unha das grandes inxerencias do colectivo.

## Documentos profesionalizadores



E agora, educadoras e educadores sociais, podemos estar orgullosos do avance que supón a presente edición dos Documentos Profesionalizadores da Educación Social, coa que damos un paso máis cara a regulación e madurez da nosa profesión. Nela, nós como profesionais, sentamos as bases do que somos, do que facemos e dos criterios éticos polos que nos guiamos e actuamos.

Supón a materialización dun longo traballo de reflexión, realizado a nivel estatal, e dun proceso de participación, no que se contou con profesionais, universidades e expertos de renome no ámbito social e educativo.

Estamos seguros que estes documentos serán referente –deben selo– na formación das/os futuras/os educadoras/es sociais, e a columna vertebral do noso traballo cotiá, xa que nos aportan as ferramentas precisas para dar entidade ás nosas actuacións.

Dende Galicia queremos dar as grazas a todas e todos aquelas/es que co seu esforzo axudaron a dar forma a estes instrumentos de traballo. Con eles, podemos camiñar máis seguros cara o futuro.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2008

M<sup>a</sup> José Fernández Barreiro  
Presidenta do CEESG

## Documentos profesionalizadores



Un código deontolóxico, unha definición profesional de Educación Social, un Catálogo de Funcións e Competencias da profesión e das educadoras e educadores sociais, configuran os tres documentos básicos que se establecen como base para articular a cultura e a identidade da figura da Educadora e do Educador Social.

Hai escritos sobre todos os documentos mencionados, pero os profesionais da educación social e as organizacións que os representan coincidiron na necesidade de crear documentos propios. En numerosos foros, as educadoras e educadores sociais advertiron da inexistencia destes textos básicos e da importancia de que sexan elaborados, consensuados e ratificados polas súas propias organizacións profesionais.

A Asociación Estatal de Educación Social (ASEDES) recolle dende os seus inicios, no ano 2000, esta demanda e, como entidade de referencia estatal (lexitimada pola totalidade de asociacións e colexios profesionais de todo o Estado) e baixo o mandato dos plans de traballo aprobados polas sucesivas asembleas, pon en marcha procesos de participación que aseguren a elaboración colectiva destes tres documentos.

Hoxe, sete anos despois do inicio da entidade, presentamos de xeito conxunto os tres documentos que se foron completando ao longo deste período. Son pois o froito dun traballo complexo, de etapas diferentes e de procesos distintos, o que os fai máis ricos e completos.

Facemos esta presentación conxunta e, non podía ser máis oportuno, no marco do 5.º Congreso Estatal de Educadoras e Educadores Sociais, titulado precisamente “A profesionalización: percorridos e retratos dunha profesión”.

Entendemos cada un dos documentos que aquí se presentan como documentos de guía e referencia, pero tamén como documentos vivos susceptibles de ser revisados no futuro. Estes documentos deben ir adaptándose ás novas esixencias e ás achegas profesionais que, derivadas do seu estudo, reflexión e uso poidan ir xurdindo.

## Documentos profesionalizadores



É o legado que ASEDES lle fai ao Consello Superior de Colexios, entidade que recolle xa a titularidade dos mesmos e a responsabilidade de continuar o proceso de difusión, o debate e a revisión crítica permanente que leva consigo a nosa profesión e a nosa participación asociativa.

Agradecemos, dende aquí, o empeño de todas e todos por conseguir este logro. Temos presentes as persoas e entidades que lideraron o proceso. Queremos realizar unha mención especial tamén para os expertos que dende diferentes institucións participaron a favor da construción colectiva e dende a renuncia de protagonismos individuais.

O traballo e esforzo xeneroso, froito da paixón polo noso labor e da conciencia de sabela imprescindible nas nosas sociedades, dótanos hoxe de tres documentos básicos e articuladores da nosa profesión.

Toledo. Setembro de 2007  
Flor Hoyos Alarte  
Presidenta de ASEDES



# 1. Definición de Educación Social

## 1. PREÁMBULO

Dende os seus inicios, ASEDES é coñecedora da importancia que supón contar cos tres documentos profesionalizadores para a construción e desenvolvemento da nosa profesión: Definición profesional de Educación Social, Catálogo de Funcións e Competencias profesionais e Código Deontolóxico do Educador e da Educadora social. Ante esta realidade, ASEDES, como entidade de referencia estatal lexitimada pola totalidade de asociacións e colexios profesionais de todo o Estado, auspicia e impulsa comisións e grupos de traballo para a elaboración destes tres documentos. Unha elaboración que parte do estudo, a reflexión e a responsabilidade necesaria e esixible para levar adiante esta importante tarefa.

Cabe dicir que definicións de Educación Social existiron e existirán sempre dende todos os ámbitos e sectores relacionados co desenvolvemento profesional da Educación Social. Nun plano histórico, podemos recordar as definicións pertencentes a cada unha das tres vías precolexiais: animación sociocultural, educación especializada e educación de adultos. Tamén aquelas outras significacións que sobre o Educador e a Educadora social realízanse por outros sectores e ámbitos, como o académico, o laboral e o legal. Este último é o que veu sendo, debido á súa importancia, o máis referenciado ata a data, debido, principalmente, ao que pode desprenderse para a formación deste profesional. Unha formación que duran-

## Documentos profesionalizadores



te longos anos se estivo a fraguar e que se plasmou no Real decreto, do 10 de outubro de 1991, da creación da Diplomatura en Educación Social.

Pero existía unha coincidencia unánime por parte de todos os Educadores e as Educadoras Sociais, así como polas entidades profesionais que os representan, á hora de advertir sobre a ausencia dunha definición de Educación Social elaborada por e para os profesionais, que permitise identificar e ordenar todo ese conxunto de prácticas diversas desenvolvidas pola profesión. Era necesario pois, elaborar unha definición lexitimada polo propio colectivo, que superase os ámbitos e os espazos de desempeño laboral, moitos deles compartidos por outros profesionais do social. Unha definición profesional, en definitiva, que facilitase dar contas con garantías do tipo de profesional que é o Educador e a Educadora Social, as súas responsabilidades profesionais así como da finalidade da praxe desenvolvida.

Deste xeito, o documento que se presenta a continuación correspóndese co traballo realizado por un grupo de traballo auspiciado por ASEDES, tras un encargo á profesión no seu conxunto para elaborar unha definición profesional que lle permita ao colectivo ampliar as súas posibilidades reais de desenvolvemento e significación. Este encargo asúmeo no ano 2002 APESCAM, actual CESCLM, que, nunha clara liña de continuidade e aposta polos traballos de estudo e reflexión sobre o substantivo e identificativo da acción profesional do Educador e da Educadora Social, se desenvolvía no GFPA desta entidade castelá-manchega. Deste encargo<sup>1</sup> e o contexto do seu desenvolvemento, xorde esta primeira definición profesional de Educación Social que permite actualmente dotar ao colectivo dun maior grao de visibilidade que tanto profesións afíns como institucións e cidadanía viñeron demandando nestes últimos anos.

Coa posta á disposición para todo o colectivo desta definición profesional ábrese un período de difusión e revisión do dito documento.

<sup>1</sup> No ano 2002 e na Asemblea Xeral do 30 de novembro celebrada en Toledo, ASEDES decide encargarlle ao Grupo de Formación Permanente de APESCAM, actual CESCLM, a elaboración dun primeiro documento de Definición Profesional de Educación Social. O 3 de marzo do 2003 na Asemblea Xeral celebrada en Barcelona preséntaselles a todas as entidades estatais, establecéndose un ano para o período de alegacións, sendo ratificada e aprobada finalmente na Asemblea Xeral de ASEDES en Toledo, o 28 de febreiro do 2004, ao igual que o primeiro Código Deontolóxico da profesión.

## Documentos profesionalizadores



Desexar e invitar a todos os profesionais a participar deste proceso dinámico e de reflexión en torno á identidade e á cultura do educador e da educadora social, que se desenvolve, en maior ou menor grao, en todas as entidades e colexios profesionais do Estado. Tamén, como non podía ser doutra forma, nos Congresos Estatais de Educadoras e Educadores Sociais que se establecen como foro de presentación e exposición de revisións e actualizacións desta definición e o resto de documentos básicos e articuladores da profesión.

A definición profesional de Educación Social, o Catálogo de Funcións e Competencias profesionais e o Código Deontolóxico do Educador e da Educadora Social configuran na actualidade un dos puntos de ancoraxe da profesión. Un punto de ancoraxe que xunto co corpo de coñecementos específicos recoñecido nos estudos universitarios, a existencia dun percorrido histórico propio, que permitiu asentarse as bases da Educación Social actual e a presenza do colectivo profesional debidamente organizado a través dos colexios e asociacións profesionais establecen, a día de hoxe, os catro puntos de referencia para concibir o desenvolvemento da Educación Social no Estado e no espazo europeo. Un traballo, en definitiva, que serve de punto de partida para continuar o traballo a desenvolver dende o Consello Xeral de Colexios e facilitar, con estes documentos, o seu desempeño ante institucións e ante os propios profesionais que depositarán a súa confianza nel.

## 2. PRESENTACIÓN

O documento que presentamos responde a unha inquietude compartida, por parte de ASEDES e APESCAM, para contribuír á incipiente pero continua construción da nosa profesión. A primeira entidade, como foro estatal representativo das organizacións dos educadores sociais, solicita unha definición comprensiva ao que nos tempos actuais pode ser concibido como un profesional da Educación Social. Pola súa banda, APESCAM recolle o encargo para incorporalo ás tarefas que, nese sentido, xa estabamos

## Documentos profesionalizadores



a desenvolver dende había uns meses nun grupo de formación permanente<sup>2</sup>.

Iniciamos entón un traballo de revisión de diferentes definicións existentes e apreciamos, basicamente, a existencia de dúas liñas hexemónicas de conceptualización. Por un lado, atopamos definicións que se constrúen coa acentuación da especialización do Educador Social segundo os ámbitos de traballo ou as persoas ás que se dirixe: “*educación de persoas adultas, acción socioeducativa e educación non formal*”. Por outro lado, o criterio orientador remite aos fins que se perseguen coa actuación social e educativa, como exemplos: “*educación social como didáctica do social, socialización, adquisición de competencias sociais, formación política do cidadán...*” (Petrus, 1997).

A nosa achega busca definir a Educación Social como un “concepto-síntese” capaz de articular unha mirada profesionalizadora acerca daquilo que o decreto de 1991 conseguiu no ámbito xurídico. Temos un marco xurídico para o desenvolvemento da profesión, é dicir, conseguimos certa regulación para o desenvolvemento do emprego e isto constitúe un elemento profesionalizador de relevancia. Pero iso é só un paso na construción dunha profesión. Seguimos sen formalizar un marco epistemolóxico e ético (non só deontolóxico), dende o que poder construír unha “identidade profesional” que, a todas luces, vai emerxendo dende esa complexa diversidade de prácticas sociais e educativas que se multiplican na nosa xeografía. É importante, por iso, separar a idea de **profesión** da de **práctica educativa** do educador social.

Querer dar conta da segunda é como querer dar conta de todas as especialidades da profesión médica: unha tarefa de Sísifo. Non obstante, todos os seus especialistas se recoñecen como médicos, como profesionais ao servizo da saúde das persoas, máis alá do seu ámbito específico de competencias. Precisamente por iso, centrámonos na primeira; queremos facer unha definición capaz de articular as diferenzas e de dar razón de ser da

<sup>2</sup> O Grupo de Formación Permanente de APESCAM (Asociación Profesional de Educadores Sociales de Castilla-La Mancha) foi unha modalidade formativa aberta á participación dos socios de APESCAM que compaxinou, ao longo de varios anos, a formación en contidos epistemolóxicos, teóricos e metodolóxicos, cun traballo de produción teórica que acompañase o proceso de profesionalización da educación social no ámbito estatal.

## Documentos profesionalizadores


Educación Social como profesión. Algunhas preguntas serviron de guía para resolver estes problemas: “Que tipo de profesional é o educador social? Profesional da educación ou do social? Ao servizo de que e de quen?” (García Molina, 2003b).

### Dado isto, a formulación é construír unha definición:

1. Coetánea á actualidade.
2. Superadora, pero integradora á vez das antigas figuras e das distincións ocupacionais dentro da educación social.
3. Superadora dos marcos e ancoraxes que significan a nosa profesión como non-formal, informal, “extraescolar” ou exclusiva dos “servizos sociais”.

### 3. DEFINICIÓN DE EDUCACIÓN SOCIAL

Presentamos unha **definición cuxa base conceptual se sostén** sobre un dobre eixe:

A Educación Social como  Dereito da cidadanía.  
Profesión de carácter pedagógico.

Por todo iso definimos a educación social como:

**Dereito** da cidadanía que se concreta no recoñecemento dunha **profesión** de **carácter pedagógico**, xeradora de **contextos educativos** e **accións mediadoras e formativas**, que son o ámbito de competencia profesional do educador e da educadora social e que posibilitan:

- A incorporación do **suxeito da educación** á diversidade das **redes sociais**, entendida como o desenvolvemento da **sociabilidade** e a **circulación social**.
- A **promoción cultural e social**, entendida como apertura a novas posibilidades da adquisición de **bens culturais**, que amplíen as perspectivas educativas, laborais, de ocio e de participación social.



### 4. PUNTOS DE ANCORAXE DA DEFINICIÓN

#### Dereito

A conciencia de responsabilidade pública fronte aos problemas da convivencia, o xurdimento de novas modalidades de exclusión e marxinação social e a necesidade de construír un mundo no que todos poidamos compartir bens de forma máis equitativa son algúns dos factores que explican e xustifican a eclosión e relevancia social que conseguiu adquirir a educación social no noso país nas últimas décadas. Xa na época do Estado de Dereito e Benestar, a demanda e oferta de tarefas socioeducativas multiplicouse, abríronse novos espazos sociais para atender necesidades educativas: o acceso á vida social. Neste sentido, podemos dicir que a educación deixou de ser patrimonio exclusivo da escola.

Concibimos á educación social como unha prestación educativa ao servizo do cumprimento dos valores fundamentais dun estado de dereito: igualdade de todos os cidadáns, máximas cotas de xustiza social e o pleno desenvolvemento da conciencia democrática.

Por iso, consideramos que a educación é un dereito da cidadanía porque así o avalan os marcos xurídicos internacionais, nacionais e autonómicos. Destacamos entre eles:

- A Declaración universal dos dereitos humanos de 1948 ratificada polo noso país en 1976, cuxo artigo 26 expón:

1. “Toda persoa ten dereito á educación. A educación debe ser gratuíta, polo menos no concernente á instrución elemental e fundamental. A instrución elemental será obrigatoria. A instrución técnica e profesional haberá de ser xeneralizada; o acceso aos estudos superiores será igual para todos, en función dos méritos respectivos.
2. A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o fortalecemento do respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais; favorecerá a comprensión, a tolerancia e a amizade entre todas as nacións e todos os grupos étnicos.

## Documentos profesionalizadores

nicos ou relixiosos e promoverá o desenvolvemento das actividades de Nacións Unidas para o mantemento da paz.”

- A Constitución Española de 1978, que afirma no seu artigo 27:
  1. “Todos teñen dereito á educación. Recoñécese a liberdade de ensino.
  2. A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.”

En consecuencia, como dereito democrático, todos deberíamos poder acceder a el. Deberían aproveitarse deste dereito todas as persoas e grupos que desexen incorporarse á cultura do seu tempo para incluírse nel (Sáez, 2003; García Molina, 2003a).

### Profesión

Proceso de busca e mellora que algunhas ocupacións nun contexto xeográfico determinado, baixo condicionantes sociais, culturais, políticos e económicos específicos, percorren para cualificarse cuantitativa e cualitativamente e se dotan de recursos que indicarán o grao de estabilización. Seguindo a Riera (1998), algúns destes serían:

- A existencia dun **corpo de coñecementos específicos** que provén da investigación científica e da elaboración teórica no ámbito que abrace cada profesión (no noso caso a disciplina de pedagogía social).
- A existencia dunha comunidade que comparte **unha mesma formación específica**: a Diplomatura de Educación Social.
- Desenvolvemento dunhas **funcións públicas e específicas** con formulacións comúns e técnicos de intervención profesional, con **retribución** económica recoñecida pola tarefa desenvolvida e a asunción dun **compromiso ético** da profesión cara aos seus clientes ou usuarios.

## Documentos profesionalizadores

- A existencia dunha **normativa interna para o grupo profesional** que permite o autocontrol dos seus membros por parte do colectivo profesional (colexios profesionais).

Dende esta concepción, no *proceso de profesionalización cuantitativo* (Sáez, 1998 e 2003) conseguiuase:

- Dispoñer dun recoñecemento e titulación académica da formación.
- Iniciar o proceso de formulación dun código deontolóxico.
- Creación de colexios e asociacións profesionais.

O proceso de profesionalización cualitativa pon, non obstante, o acento en distintas dimensións da praxe; tanto na posibilidade de mellora da acción que os educadores sociais poñemos en marcha nos nosos postos de traballo como das múltiples dinámicas no emprego, dando contas de:

- Como se leva a cabo a profesión e para que se fai.
- Que visión ten o profesional da súa propia práctica.
- A utilización e xeración de plataformas dende onde poder estudar, analizar, propoñer, construír, interpretar e avaliar a diversidade que convoca ao mundo da Educación Social.

De acordo co anterior, enténdese a Educación Social como unha profesión en construción, relativamente nova, onde a súa profesionalización se relaciona cunha serie de actores sociais cos que interactuar: "*grupo ocupacional, políticas sociais, universidade e mercado de traballo*" (Sáez, 2003).

### De carácter pedagóxico

Porque entendemos que a Pedagogía Social é a ciencia e a disciplina que toma como obxecto de estudo a Educación Social proporcionando modelos de coñecemento, metodoloxías e técnicas para a praxe educativa. A través deste campo de coñecemento, podemos dispoñer dun corpus sistemático



## Documentos profesionalizadores



de coñecementos especializados cos que se adquiren competencias intelectuais e técnicas para actuar nun campo de acción educativa.

### Accións mediadoras

Son aquelas accións de acompañamento e de sostemento de procesos que teñen como fin provocar o encontro do suxeito da educación cuns contidos culturais, con outros suxeitos ou cun lugar de valor social e educativo (García Molina, 2003 a).

Cando falamos de accións mediadoras non nos referimos especificamente á mediación de conflitos nin o entendemos como un ensino ou transmisión de contidos culturais. Consideramos que a mediación é un traballo previo que se debe facer para que o suxeito da educación poida atoparse con lugares, persoas e contidos. A mediación, así entendida, ten como finalidade a emancipación progresiva do suxeito.

- **Contidos culturais:** será un encontro guiado, xa que o educador coñece os tempos, recursos, materiais de apoio etc. e pode acompañar/guiar ao suxeito para que se produza ese encontro.
- **Os demais:** o educador debe intentar que se produzan novos encontros para que se multipliquen e/ou consoliden as relacións sociais cos demais. Remite o desenvolvemento da sociabilidade.
- **Os lugares:** implica o tránsito polos lugares que conforman o espazo social onde vive o suxeito da educación, e o seu coñecemento.

### Accións formativas

Son aquelas que posibilitan a apropiación da cultura, non só a académica, senón entendida en sentido amplo, por parte do suxeito da educación. Actos de ensino que permiten a apropiación de ferramentas conceptuais, habilidades técnicas e formas de trato social.

## Documentos profesionalizadores



### Suxeito da educación

Entendemos por suxeito da educación a todo individuo ou colectivo co que se establece un relación educativa, é dicir, a quen se dirixe a nosa acción profesional e se mostra disposto a asumir o devandito traballo educativo.

### Redes sociais

A nova configuración social fai que non poidamos pensar exclusivamente nun sistema social vertical, senón que, o abordemos como unha multitude de itinerarios, situacións, espazos, ritmos, tempos e lugares nos que é susceptible de darse o acto educativo. Iso supón unha forma de entender a configuración actual da nosa sociedade.

### Sociabilidade

Por sociabilidade, entendemos a capacidade de relación cos outros nos espazos sociais. Introducimos o termo sociabilidade, en vez do de socialización, porque este alude preferentemente á concepción de Émile Durkheim, que fai referencia á socialización metódica da infancia.

### Circulación social

Posibilidade de realizar traxectos diversos e diferenciados polos diferentes espazos de desenvolvemento da sociabilidade.

### Bens culturais

Contidos e recursos culturais cun valor social recoñecido (e, polo tanto, obxectivos ou obxectivables), propios de cada época e lugar.

ASEDES, febreiro de 2004

## 2. Código Deontolóxico do educador e a educadora social

### ANTECEDENTES

Dende os inicios da profesión, a ética profesional era xa un tema de debate e preocupación para o colectivo profesional.

Formalmente, dende 1996 véñse traballando e reflexionando sobre a cuestión da ética profesional e a acción socioeducativa, pero xa no ano anterior e durante a celebración do I Congreso do Educador Social realizado en Murcia constátase a necesidade da reflexión ética na profesión.

Un grupo de profesores da Universidade de Deusto e de educadores/as sociais elabora e presenta o primeiro *Esbozo do código deontolóxico do/a Educador/a Social* (Bilbao, 1996), que serviría de punto de partida para os traballos desenvolvidos posteriormente por distintas asociacións profesionais do Estado. Como consecuencia, este código está baseado no mencionado *Esbozo*.

A partir de 1996, as Asociacións de Educadores Sociais organizan seminarios, xornadas e grupos de traballo para abrir procesos de discusión en torno á deontoloxía do educador/a social. Visualízanse na concreción monográfica do III Congreso Estatal do Educador Social co título de Ética e Calidade.

## Documentos profesionalizadores



É no III Congreso Estatal do Educador Social (XV Congreso Mundial da AIEJI), celebrado en Barcelona en xuño de 2001, onde se asentan as bases para establecer o compromiso necesario para a elaboración dun código. Coa Declaración de Barcelona, realizada no marco do dito congreso, adquirese o compromiso por parte da Asociación Estatal (ASEDES), de abrir un proceso que culmine coa aprobación do Código Deontolóxico do/a Educador/a Social a finais do 2003.

### PREÁMBULO

Na Asemblea Xeral celebrada en Toledo o 30 de novembro de 2002, a Xunta de Goberno de ASEDES concretou o anunciado no III Congreso Estatal do Educador Social e adquiriu o compromiso de desenvolver un Código Deontolóxico para a profesión, que presentaría na súa seguinte Asemblea Xeral.

Para conseguir este obxectivo, créase a Comisión de Código Deontolóxico que formula unha proposta sobre a que se abre un proceso de participación e debate ao colectivo profesional e a grupos de expertos, concluíndo o seu traballo coa presentación do primeiro Código Deontolóxico do/a educador/a social, na Asemblea Xeral de ASEDES, celebrada en Toledo o 30 de febreiro de 2004. Posteriormente, o traballo da comisión e os expertos seguiu adiante e deu como froito o presente código.

Sirva, pois, este código como unha guía de actuación, flexible no tempo, que poida recibir as achegas das distintas comisións deontolóxicas, dos colexios e das asociacións profesionais que o poñan en funcionamento.



### CAPÍTULO I.

#### Aspectos xerais

Entendemos este Código Dontolóxico como un conxunto de principios e normas que orientan a acción e a conduta profesional, que axudan ao educador e á educadora social no exercicio da súa profesión e melloran a calidade do traballo que se lles ofrece á comunidade e aos individuos.

O presente Código fundaméntase legalmente na Constitución Española, na Declaración universal dos dereitos das persoas (1948), na Convención europea para a salvagarda dos dereitos das persoas (1950), na Carta social europea (1965), na Convención sobre os dereitos dos nenos/as (Nueva York, 1989), anunciados na Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea (2000) e que fundamentan e lexitiman á Educación Social como dereito de toda persoa.

Este dereito concrétase no recoñecemento dunha profesión de carácter pedagóxico, xeradora de contextos socioeducativos e accións mediadoras e formativas, que son ámbito de competencia profesional do educador social e que posibilitan:

- A incorporación do suxeito da educación á diversidade das redes sociais, entendida como o desenvolvemento da socialización, a sociabilidade, a autonomía e a circulación social.
- A promoción cultural e social, entendida como apertura a novas posibilidades de adquisición de bens culturais, que amplíen as perspectivas educativas, laborais, de ocio e participación social.

Desta forma, a Educación Social parte, pois, dun compendio de coñecementos e competencias que a acción socioeducativa implanta para producir efectos educativos de cambio, desenvolvemento e promoción en persoas, en grupos e en comunidades.

A educación social aparece e constitúese coa base e a finalidade de proporcionarlle unha serie de servizos e recursos socioeducativos ao conxunto da sociedade, da comunidade e das persoas.

## Documentos profesionalizadores



A construción dun código deontolóxico representa a asunción da defensa duns principios e normas éticos comúns á profesión e orientadores da práctica, que pasa pola responsabilidade dos/as educadores/as sociais ante unha poboación, na maior parte das ocasións, en situación de dificultade e de dependencia e que os sitúa na posibilidade de modificar esta dependencia a través dun saber e unha práctica profesional. Esta capacidade profesional dálle ao/a educador/a social un poder que define a asimetría da relación educativa.

Neste contexto, a acción socioeducativa pasa pola construción dunha relación de confianza e un pacto de responsabilización entre as partes sendo necesario que o/a educador/a social garanta esta confianza a través dun Código Deontolóxico que oriente e limite o seu poder.

A construción dun Código Deontolóxico tamén representa, por un lado, a asunción da responsabilidade profesional das accións socioeducativas que realiza o/a educador/a social ou o equipo e, por outro, a autonomía, que como profesión, responde a unhas determinadas necesidades e demandas sociais, con articulacións teóricas específicas e dende o recoñecemento da súa utilidade social. O código reforza, pois, a autonomía que a profesión e os educadores sociais teñen respecto ás esixencias das diferentes políticas sociais, os mandatos, as esixencias e as presións sociais ou das institucións que dificultan o alcance das finalidades das profesións nas persoas que se atenden. Os colexios profesionais ou agrupacións profesionais que exercen de suxeito colectivo e de axente interlocutor, baseándose nos principios deontolóxicos xerais, velan pola devandita autonomía.

Os trazos que deben caracterizar toda práctica social construída polos profesionais no medio no que se moven son: coñecemento especializado; formación para adquirir ese coñecemento, que se traduce en competencias e habilidades; asunción dun código ético como elemento de autorregulación que xustifique a acción responsable no uso de tales habilidades; creación de regras de xogo internas para a articulación dos profesionais entre si e as súas relacións con outros profesionais e, por último, a activi-

## Documentos profesionalizadores



dade política que xustifique a súa presenza no mercado laboral e que responda ás distintas necesidades e demandas socioeducativas das persoas.

A Educación Social ten como referentes básicos científicos a Pedagogía Social, a Psicoloxía, a Socioloxía, a Antropoloxía e a Filosofía. Estes referentes achegan elementos teóricos, metodolóxicos e/ou técnicos para o traballo socioeducativo.

Ampliando as achegas destas disciplinas que orientan a acción, xérase un corpus de coñecementos que son específicos desta profesión, resultantes da conceptualización da experiencia.

A práctica educativa diaria do/a educador/a social corresponde a tres categorías ou criterios organizadores, nos que o/a educador/a social analiza situacións, diseña, planifica, leva a cabo e avalía proxectos socioeducativos:

1. Actuacións de contexto, definidas como accións e tarefas que se dirixen a crear espazos educativos, melloralos e dotalos de recursos:

- Participar na análise, deseño, planificación e avaliación de programas socioeducativos.
- Colaborar na orientación de políticas sociais e culturais de participación cidadá.
- Desenvolver accións coas institucións, asociacións e demais entidades de carácter público e privado que permitan a creación de redes entre servizos que atenden persoas, para o desempeño da acción socioeducativa.

2. Actuacións de mediación, entendida como o traballo que o/a educador/a social realiza para producir un encontro construtivo da persoa cuns contidos culturais, con outras persoas, grupos ou lugares.

3. Actuacións de formación e transmisión. Aquelas que posibiliten a apropiación de elementos culturais por parte das persoas grupos e comunidades. Actos de ensino de ferramentas conceptuais, habilidades técnicas ou formas de interacción social.



### CAPÍTULO II.

#### Principios Deontolóxicos Xerais

Os seguintes principios básicos pretenden a mellora cualitativa do exercicio profesional. Trátase de principios orientadores da acción socioeducativa do/a educador/a social.

**1. Principio de respecto aos dereitos humanos.**

O/A educador/a social actuará sempre no marco dos dereitos fundamentais e en virtude dos dereitos enunciados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

**2. Principio de respecto aos suxeitos da acción socioeducativa.**

O/A educador/a social actuará en interese das persoas coas que traballa e respectará a súa autonomía e liberdade. Este principio fundaméntase no respecto á dignidade e no principio de profesionalidade descrito neste código.

**3. Principio de xustiza social.**

A actuación do/a educador/a social basearase no dereito ao acceso que ten calquera persoa que viva na nosa comunidade, ao uso e gozo dos servizos sociais, educativos e culturais nun marco do Estado Social Democrático de Dereito e non en razóns de beneficencia ou caridade.

Isto implica, ademais, que dende o proceso da acción socioeducativa se actúe sempre co obxectivo do pleno e integral desenvolvemento e benestar das persoas, os grupos e a comunidade, se interveña non só nas situacións críticas senón na globalidade da vida cotiá e se chame a atención sobre aquelas condicións sociais que dificultan a socialización e poidan levar á marxinación ou exclusión das persoas.

**4. Principio da profesionalidade.**

A autoridade profesional do/a educador/a social fundaméntase na súa competencia, a súa capacitación, a súa cualificación para as accións que desempeña, a súa capacidade de autocontrol e a súa



## Documentos profesionalizadores



capacidade de reflexión sobre a súa praxe profesional, avaladas por un título universitario específico ou a súa habilitación outorgada por un colexio profesional de educadores sociais.

O/A educador/a social está profesionalmente preparado/a para a utilización rigorosa de métodos, estratexias e ferramentas na súa práctica profesional, así como para identificar os momentos críticos nos que a súa presenza poida limitar a acción socioeducativa. Para realizar a súa práctica diaria adquiriu as competencias necesarias, tanto na orde teórica como na práctica. No momento de levar a cabo o seu traballo, ten sempre unha intencionalidade educativa honesta concretada nun proxecto educativo realizado en equipo ou en rede e está en disposición de formarse permanentemente como un proceso continuo de aprendizaxe, que permite o desenvolvemento de recursos persoais favorecedores da actividade profesional.

### **5. Principio da acción socioeducativa.**

O/A educador/a social, é un profesional da educación que ten como función básica a creación dunha relación educativa que lle facilite á persoa ser protagonista da súa propia vida.

Ademais, o/a educador/a social en todas as súas accións socioeducativas, partirá do convencemento e responsabilidade de que a súa tarefa profesional é a de acompañar a persoa, o grupo e a comunidade para que melloren a súa calidade de vida, de maneira que non lle corresponde o papel de protagonista na relación socioeducativa, suplantando as persoas, os grupos ou as comunidades afectadas.

Por isto, nas súas accións socioeducativas procurará sempre unha aproximación directa cara ás persoas coas que traballa e favorecer nelas aqueles procesos educativos que lles permitan un crecemento persoal positivo e unha integración crítica na comunidade á que pertencen.

### **6. Principio da autonomía profesional.**

O/A educador/a social terá en conta a función social que desenvolve a profesión ao dar unha resposta socioeducativa a certas necesidades sociais segundo uns principios deontolóxicos xerais e básicos

## Documentos profesionalizadores



da profesión, que terá como contrapartida a asunción das responsabilidades que se deriven dos seus actos profesionais.

### **7. Principio da coherencia institucional.**

O/a educador/a social coñecerá e respectará a demanda, o proxecto educativo e regulamento de réxime interno da institución onde traballa.

### **8. Principio da información responsable e da confidencialidade.**

O/A educador/a social gardará o segredo profesional en relación con aquelas informacións obtidas, directa ou indirectamente, das persoas ás que atende. Naqueles casos nos, que por necesidade profesional, se deba trasladar información entre profesionais ou institucións, farase sempre en beneficio da persoa, grupo ou comunidade e baseado en principios éticos e/ou normas legais co coñecemento dos/as interesados/as.

### **9. Principio da solidariedade profesional.**

O/A educador/a social manterá unha postura activa, construtiva e solidaria en relación co resto de profesionais que interveñen na acción socioeducativa.

### **10. Principio da participación comunitaria.**

O/A educador/a social promoverá a participación da comunidade no labor educativo e intentará conseguir que sexa a propia comunidade coa que intervén a que busque e xere os recursos e capacidades para transformar e mellorar a calidade de vida das persoas.

### **11. Principio de complementariedade de funcións e coordinación.**

O/A educador/a social, ao traballar en equipos e/ou en redes, farao dunha forma coordinada. Será consciente da súa función dentro do equipo, así como da posición que ocupa dentro da rede e será consciente da medida en que a súa actuación pode influír no traballo do resto dos membros, do propio equipo e dos profesionais ou servizos. Formularase unha actuación interdisciplinar tendo en conta os criterios, coñecementos e competencias dos outros membros do equipo



ou rede. Toda actuación dun profesional da educación social estará definida por unha actitude constante e sistemática de coordinación co fin de que o resultado das diferentes accións socioeducativas coa persoa ou o colectivo sexa coherente e construtivo.

### CAPÍTULO III.

#### Normas Deontolóxicas Xerais

##### SECCIÓN PRIMEIRA.

##### **O/A educador/a social en relación cos suxeitos da acción socioeducativa**

**Artigo 1.** Na súa relación coa persoa, gardará un trato igualitario sen discriminación por razón de sexo, idade, relixión, ideoloxía, etnia, idioma ou calquera outra diferenza.

**Artigo 2.** Nas súas accións socioeducativas evitará o uso de métodos e técnicas que atenten contra a dignidade das persoas e o uso de nocións e termos que doadamente poidan xerar etiquetas devaluadoras e discriminatorias.

**Artigo 3.** Nas súas accións socioeducativas terá en conta a decisión da persoa ou do seu representante legal. Isto inclúe tamén a finalización da acción socioeducativa a partir da voluntariedade nas persoas maiores de idade e emancipados/as.

**Artigo 4.** No proceso de acción socioeducativa, evitará toda relación coas persoas que transcenda máis alá da relación profesional e supoña unha dependencia afectiva ou íntima.

**Artigo 5.** Deberá coñecer a situación concreta do ámbito máis próximo, sexa familia ou grupo, tanto se a acción socioeducativa se realiza con eles no seu conxunto, como se se leva a cabo con algún dos seus membros.

## Documentos profesionalizadores



**Artigo 6.** Potenciará os recursos persoais e sociais de todos os membros do ámbito máis próximo e deste no seu conxunto para que colabore, na medida das súas posibilidades, na abordaxe e a resolución das situacións formuladas. Neste sentido, coñecerá as redes e servizos comunitarios que poidan complementar a súa tarefa, así como a forma de actualalos e complementalos co traballo que estea a realizar.

**Artigo 7.** Manterá, sempre, unha rigorosa profesionalidade no tratamento da información:

- A) Terá dereito a recibir toda a información relativa ás persoas coas que teña relación, a través da acción socioeducativa.
- B) Deberá preservar a súa confidencialidade.
- C) Será consciente de cal é a información relevante que precisa obter das propias persoas e/ou do seu ámbito.
- D) Transmitirá, unicamente, información veraz e contrastada e separará, en todo caso, a información de valoracións, as opinións ou os prognósticos.
- E) Cando teña que transmitir a dita información farao con coñecemento do suxeito da acción, o seu representante ou titor e, se é posible, co seu consentimento.
- F) Non poderá, en ningún caso, aproveitarse para beneficio persoal ou de terceiros da información privilexiada ou do coñecemento de situacións ou da posición que lle proporciona a súa profesión.

### SECCIÓN SEGUNDA.

#### O/A educador/a social en relación coa súa profesión

**Artigo 8.** O/A educador/a social traballa mediante proxectos e, para garantir unha acción integral, planificará a acción socioeducativa, en todas as súas dimensións, e non deixará ao chou os seus elementos. Ademais, manterá unha actitude de avaliación crítica continua.

## Documentos profesionalizadores



**Artigo 9.** Para o desenvolvemento das accións socioeducativas, recollerá toda a información posible e analizará cada situación obxectivamente con responsabilidade e con rigor metodolóxico (exactitude nos indicadores e nos mecanismos de recollida de datos). Unha vez recollida a información, valorará os elementos e compoñentes subxectivos, que entran en xogo na formulación e desenvolvemento da acción socioeducativa.

**Artigo 10.** Nas súas accións socioeducativas, representará correctamente a profesión a que pertence de maneira que non a prexudique co seu modo de actuar. Velará polo prestixio, o respecto e o uso adecuado dos termos, instrumentos e técnicas propias da profesión.

**Artigo 11.** Non avalará nin encubrirá coa súa titulación a práctica profesional realizada por persoas non tituladas e/ou non habilitadas. Así mesmo, denunciará os casos de intrusión profesional cando cheguen ao seu coñecemento.

**Artigo 12.** Se observa que hai razóns abondas para sospeitar que outro colega, sexa un educador ou outro profesional non está actuando correctamente no ámbito da súa profesión, porao en coñecemento do colexio profesional.

**Artigo 13.** O/A educador/a social asumirá o código deontolóxico propio da súa profesión denominada educación social, xa que lle ofrece apoio á hora de desenvolver a súa tarefa. Consecuentemente, non aceptará os impedimentos ou obstáculos que vulneren os dereitos e deberes que nel se definen.

### SECCIÓN TERCEIRA.

#### O/A educador/a social en relación co equipo

**Artigo 14.** Cando traballe nun equipo pertencente a unha institución ou organización, será consciente da súa pertenza a este e será coherente con este e co seu proxecto socioeducativo.

## Documentos profesionalizadores



**Artigo 15.** Será respectuoso co equipo co que traballa e con todos e cada un dos seus membros.

**Artigo 16.** Anteporá a profesionalidade ás relacións afectivas cos compañeiros do equipo.

**Artigo 17.** Como membro dun equipo, elaborará os aspectos educativos dos proxectos, que guíen as accións socioeducativas dos profesionais que o compoñen e contribuirá mediante a súa reflexión a que estes se desenvolvan.

**Artigo 18.** Cooperará co resto do equipo na planificación, deseño, posta en funcionamento e avaliación das accións socioeducativas, así como nos mecanismos e criterios de transmisión da información.

**Artigo 19.** Evitará interferir nas funcións, nas tarefas ou nas relacións dos outros membros do equipo coas persoas, suxeitos da acción socioeducativa.

**Artigo 20.** Respetará e asumirá as decisións do equipo tras ser contrastadas, argumentadas e acordadas, aínda no caso de que non as comparta, e faraas súas á hora de desenvolver a acción socioeducativa, sempre que a decisión do equipo non entre en contradición con ningún dos contidos deste código e que se antepoña ao interese de persoas, a de profesionais.

**Artigo 21.** Informará o equipo ou a institución acerca das irregularidades cometidas por algún membro do equipo, cando prexudiquen a dignidade e o respecto das persoas no seu exercicio profesional.



### SECCIÓN CUARTA.

#### **O/A educador/a social en relación coa institución onde realiza o seu traballo**

**Artigo 22.** Coñecerá e respectará os principios ideolóxicos, compartirá o proxecto educativo e será consecuente coas normas existentes na institución onde realiza o seu traballo profesional.

**Artigo 23.** Informará o colexio profesional acerca das irregularidades cometidas pola institución, cando prexudiquen seriamente a dignidade e o respecto das persoas no exercicio profesional.

### SECCIÓN QUINTA.

#### **O/A educador/a social en relación coa sociedade en xeral**

**Artigo 24.** Na súa práctica profesional, colaborará cos distintos servizos existentes na comunidade vinculando as institucións co fin da optimización dos recursos e da mellora da oferta dos servizos socioeducativos.

**Artigo 25.** Traballará, dun xeito efectivo, coa comunidade, potenciará a vida social e cultural do ámbito e fomentará o coñecemento e a valoración de todos os aspectos sociais e culturais que poden influír na educación global das persoas.

**Artigo 26.** No caso de asesoramento ou realización de campañas publicitarias, políticas ou similares velará pola veracidade dos contidos e o respecto a persoas ou grupos nos aspectos referidos á educación social.

**Artigo 27.** Contribuirá a xerar unha conciencia crítica sobre os problemas sociais e as súas causas.

## Documentos profesionalizadores



**Artigo 28.** Estará atento e será crítico coas informacións manipuladas ou inexactas dos medios de comunicación que poidan contribuír á estigmatización de persoas, grupos ou comunidades

### DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

**Primeira.** O/A educador/a social, naquelas materias que lle afecten, deberá coñecer e cumprir as normas estatutarias, acordos ou resolucións que adopte o colexio oficial do seu territorio, así como o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais.

**Segunda.** Este código deontolóxico do/a educador/a social será de aplicación en todo o territorio estatal e deberá ser coñecido e asumido por todos os educadores e todas as educadoras sociais.

ASEDES, abril, 2007



### 3.

## Catálogo de Funcións e Competencias da educadora e o educador social

### 1. INTRODUCCIÓN

O presente Catálogo de Funcións e Competencias completa o proceso mediante o que os educadores e as educadoras sociais do territorio español se dotaron dos tres documentos considerados como puntos de ancoraxe da profesión: Definición de Educación Social, Código Deontolóxico e Catálogo de Funcións e Competencias. Desta forma, os tres documentos conforman o eixe arredor do que concibir o corpus teórico, a cultura e a identidade profesional. Estes tres elementos constitúen, igual que en calquera outra profesión, un eixe importante e necesario sobre o que manter certo nivel de coherencia interna e seguir propiciando o desenvolvemento da profesión.

A Educación Social, como profesión social e educativa, necesitaba contar cun catálogo de funcións e competencias que estivese en consonancia cos documentos anteriores e que, aínda asumindo o seu carácter fragmentario e revisable, sirva de carta de presentación e lexitimación ante as diferentes administracións e organismos relacionados coa profesión, así como ante a cidadanía en xeral.

## Documentos profesionalizadores



O labor dos Educadores e das Educadoras Sociais leva implícita unha importante carga ética, así como un necesario compromiso coa propia profesión e coa sociedade na que se desenvolve. Por iso, en clara liña de continuidade e coherencia respecto ás bases que tamén sosteñen a definición profesional de educación social e o código deontolóxico, poden establecerse dous conxuntos de principios profesionais que se dispoñen como plataformas de base para comprender as funcións e competencias do educador e da educadora social, que se describen neste catálogo.

O primeiro conxunto de principios enténdese como o relativo ao compromiso dos educadores sociais co marco de desenvolvemento da educación social. Este conxunto de principios demandan que o educador social e a educadora social manteñan e apliquen unha forte conciencia profesional nos contextos sociais, culturais e legais que posibilitan a práctica educativa e o desenvolvemento da profesión. Para iso, require dun profundo coñecemento e compromiso coa definición profesional de educación social do colectivo, así como unha actitude e inquietude de busca e investigación permanente para a mellora da calidade da acción socioeducativa e a xeración de novos conceptos e procedementos en educación social, vinculados aos ámbitos de exercicio da profesión, aos colexios profesionais e á universidade.

O segundo conxunto de principios obriga o educador social e a educadora social a recrear as súas prácticas da educación social dende unha posición ética, de acordo coa cultura, os valores e as expectativas da profesión. A ética e a deontoloxía profesional obrigan á aplicación de principios de respecto e compromiso cara aos suxeitos da educación, independentemente da súa situación social, persoal, ideoloxía, actitude e/ou comportamentos.

Este documento constrúese ao redor dun debate sobre os conceptos función, competencia e tarefa, conceptos que orientan as cuestións básicas relativas ao desempeño e práctica profesional. En segundo lugar, presentamos unha descrición de seis funcións que dan conta do característico da nosa profesión. Estas funcións están en consonancia coa acción socioeducativa dos profesionais e, tamén, con aquelas outras que o educador

## Documentos profesionalizadores



e a educadora social desenvolven dende institucións e servizos. A cada unha das funcións descritas nesta epígrafe considerouse conveniente adscribir unha serie de competencias relativas ao desenvolvemento de cada unha das funcións, a partir dos coñecementos e saberes do educador e da educadora social para o desenvolvemento das tarefas correspondentes a estes ámbitos de responsabilidade. Por último, preséntanse un conxunto de capacidades que optamos por agrupar en bloques de competencias do educador e da educadora social. Este conxunto de capacidades dá conta das competencias claramente identificadas co desenvolvemento e o soporte do traballo educativo.

Un documento como este permite comprender o educador social como un profesional que recibe un encargo social e educativo particular. Para poder dar conta deste, necesita un repertorio de saberes aprendidos e/ou asumidos por formación e por experiencia<sup>1</sup>, dende os que se articula tanto o seu propio discurso profesional como as orientacións éticas e técnicas que o sitúan nun lugar apropiado para satisfacer as demandas e necesidades socioeducativas do conxunto da cidadanía. Partimos da convicción de que o educador e a educadora social son profesionais capacitados para responder, dende diferentes estratexias relacionais e educativas, a aqueles encargos sociais que as novas configuracións e lóxicas sociais, políticas e económicas lles formulan aos individuos, aos colectivos e á sociedade no seu conxunto. A súa especificidade é a acción educativa en programas e proxectos, que as administracións públicas promoven coa finalidade de mellorar as condicións sociais e culturais da cidadanía, lograr maiores niveis de benestar e calidade de vida, compensar os efectos xerados polas situacións de exclusión e/ou marxinación social, nunha tendencia clara cara á extinción destas en clave de xustiza social. Neste sentido, o educador e a educadora social contribúen á socialización dos suxeitos da acción socioeducativa, é dicir, á incorporación crítica do suxeito da educación á diversidade das redes sociais e á promoción cultural e social.

<sup>1</sup> Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto, polo que se establece o título universitario oficial de Diplomado en Educación Social e as directrices xerais propias dos plans de estudos.



### 2. DEFINICIÓN DE CONCEPTOS CLAVE

Establecer unha definición previa dos conceptos **Función e Competencia** é importante para xerar un marco dende o que outorgarlles sentido ás significacións do documento. Non en van, estamos manexando conceptos que son entendidos e utilizados de forma distinta segundo as diferentes escolas de pensamento, teorías, campos disciplinares e, mesmo, ámbitos xeográficos, procedencia lingüística e traducións segundo costume. Hai que ter en conta, tamén, que a cuestión de definir estes conceptos é outorgarlles unha significación dende o noso campo profesional axuda a mellorar a formación dos estudantes da Diplomatura de Educación Social e, tamén, a formación permanente dos actuais profesionais.

A partir deste momento, definimos e comprendemos as funcións profesionais como un campo de traballo e de tarefas que sinalan un **ámbito de responsabilidade profesional e laboral**. Despois de todo, unha área de responsabilidade supón traballos e tarefas concretas que o profesional é capaz de realizar con certo nivel de garantía. O que un profesional é capaz de facer, cun significativo nivel de pericia, convértese na clave que lles outorga sentido ás competencias profesionais específicas que diferencian unha profesión doutras.

Deste xeito, o consenso xeneralizado á hora de entender a competencia como un concepto que remite a un saber, un saber facer e/ou unha actitude, serve para entender o educador e a educadora social como un profesional capaz de desempeñar funcións axeitadas á súa formación universitaria e á súa tradición/experiencia acumulada.

Estudos e traballo que se actualizarán en función das demandas e necesidades, tanto da cidadanía, como dos propios educadores sociais. Ser competente, entón, enténdese como ser capaz de realizar, de xeito efectivo e ético, tarefas que se desprenden das funcións asumidas polos educadores e as educadoras sociais.

## Documentos profesionalizadores



Dende o principio, entendemos que a Definición de Educación Social de ASEDES (2004) establece o punto de partida para pensar e concretar as funcións xerais do Educador e da Educadora Social:

Dereito da cidadanía que se concreta no recoñecemento dunha profesión de carácter pedagóxico, xeradora de contextos educativos e accións mediadoras e formativas, que son o ámbito de competencia profesional do educador e da educadora social e que posibilitan:

- A incorporación do suxeito da educación á diversidade das redes sociais, entendida como o desenvolvemento da sociabilidade e a circulación social.
- A promoción cultural e social, entendida como apertura a novas posibilidades da adquisición de bens culturais, que amplíen as perspectivas educativas, laborais, de ocio e de participación social.

Esta definición asegura a continuidade dunha serie de conceptos (dereito, profesión, cidadanía) e lóxicas nas que se identifican os educadores e as educadoras sociais, os seus encargos, as súas responsabilidades e as súas finalidades, independentemente do ámbito ou institución na que se traballe.

Respecto ás funcións, entendémolas como campos comprensivos que subsumen funcións e tarefas de carácter excesivamente particular –relativas ao desempeño da práctica diaria propia de marcos e equipamentos específicos– dotándoos dun carácter máis xeral, pero claramente identificable polos profesionais e que sinalan o nuclear da acción socioeducativa.

As competencias profesionais sinalan os saberes e actitudes que permiten desenvolver as tarefas correspondentes ás funcións profesionais que se describen.

Pero para abranguer todo o campo de responsabilidade do educador e da educadora social, é necesario sinalar outras competencias que permiten dar conta da súa responsabilidade con respecto ao encargo social



e/ou institucional asumido, cara a outros profesionais e cara a si mesmo. Falariamos neste sentido de capacidades relativas á comunicación e as relacións interpersoais que teñen como meta favorecer procesos de interacción social e cooperación. Estas competencias, que se agrupan en bloques con relación ás capacidades do educador e da educadora social, tamén abranguen aquelas aplicacións técnico instrumentais básicas, que conforman no seu uso e dominio unha inquietude pola mellora continua da práctica profesional nas súas dimensións reflexivas, éticas e técnicas.

### 3. FUNCIONES DA EDUCADORA E O EDUCADOR SOCIAL

As funcións profesionais son aquelas que se comprenden dentro do campo de responsabilidade do/a educador/a social nunha institución ou marco de actuación definido e que se atopan en relación directa coas accións e actividades correspondentes aos niveis formativos de estudo universitario e/ou asumido por formación ou experiencia.

As devanditas accións e actividades englobanse atendendo ao nivel de particularidade e especificidade do profesional que as pon en marcha, as sostén e dá conta delas.

Estas funcións están caracterizadas por responsabilidades acolledoras e delimitadoras.

Acolledoras, porque están orientadas a incluír no noso espazo de interacción a persoas e/ou colectivos con pleno recoñecemento como suxeitos da educación, para promover procesos de cambio que posibiliten o seu desenvolvemento cultural e/ou educativo.

Delimitadoras, porque están orientadas a establecer acordos, compromisos e límites con colectivos e/ou persoas que enmarquen a acción educativa nunha finalidade socializadora.

## Documentos profesionalizadores



Poderá observarse que as tres primeiras sinalan, de acordo coa nosa definición de educación social, o nuclear da práctica socioeducativa, de forma que se particulariza, ao tempo que diferencia, o traballo do/a educador/a social do de outros profesionais. Estas correspóndense con campos de responsabilidade que dan conta das nosas formas de levar a cabo a práctica e son sistematizadas e planificadas baixo criterios que permiten deseñar, planificar, levar a cabo e avaliar proxectos educativos.

O resto de funcións derivanse de responsabilidades que poden ser compartidas con outros profesionais. Quizais cambien as visións e orientacións á hora do seu despregamento, pero, en calquera caso, son innegables as coincidencias de responsabilidades e tarefas nos chamados equipos multiprofesionais.

### • Transmisión, desenvolvemento e promoción da cultura

Campo de responsabilidade correspondente ás accións e actividades relacionadas co cultural en xeral e con finalidades tendentes á súa recreación, posta á disposición, aprendizaxes para realizar e/ou procesos de transmisión e adquisición en forma de bens culturais que poden configurarse en diferentes áreas de contidos.

Campo de responsabilidade correspondente ás accións e actividades relacionadas co cultural, en xeral, e que perseguen finalidades relacionadas coas aprendizaxes sociais e a formación permanente dos individuos, así como a súa recreación e promoción en/dende os grupos, os colectivos e as comunidades.

Competencias asociadas a esta función:

- Saber recoñecer os bens culturais de valor social<sup>2</sup>.
- Dominio das metodoloxías educativas e de formación.
- Dominio das metodoloxías de asesoramento e de orientación.

<sup>2</sup> Bens de valor social, entendidos na liña proposta polo informe da UNESCO: A educación encerra un tesouro: ético e cultural artístico-científico/tecnolóxico e económico/social.

## Documentos profesionalizadores



- Capacidade para particularizar as formas de transmisión cultural á singularidade dos suxeitos da educación<sup>3</sup>.
- Dominio das metodoloxías de dinamización social e cultural.
- Capacidade para a difusión e a xestión participativa da cultura.

### • Xeración de redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais

Campo de responsabilidade que fai referencia ás accións e actividades intencionadas, que favorecen a aparición e consolidación de espazos e tempos educativos, é dicir, de situacións favorecedoras de procesos individuais e grupais relacionados coas posibilidades dunha mellora persoal ou social nos diferentes contextos sociais.

Competencias asociadas a esta función:

- Pericia para identificar os diversos lugares que xeran e posibilitan un desenvolvemento da sociabilidade, a circulación social e a promoción social e cultural.
- Coñecemento e destreza para crear e promover redes entre os individuos, os colectivos e as institucións.
- Capacidade para potenciar as relacións interpersoais e as dos grupos sociais.
- Capacidade de crear e establecer marcos posibilitadores de relación educativa particularizados.
- Saber construír ferramentas e instrumentos para enriquecer e mellorar os procesos educativos.
- Destreza para a posta en marcha de procesos de dinamización social e cultural<sup>4</sup>.

<sup>3</sup> Suxeitos da educación refírese aos individuos, grupos ou comunidades que interveñen na acción socioeducativa.

<sup>4</sup> Desenvolvemento cultural das comunidades e os colectivos.



## Documentos profesionalizadores

### • **Mediación social, cultural e educativa**

É o campo de responsabilidade que atende o conxunto de accións desenvolvidas para enriquecer os procesos educativos individuais ou colectivos a partir de acompañamentos, orientacións e derivacións que propician novos encontros con elementos culturais, con outras persoas ou grupos e con outros lugares. A intención é facilitar as relacións interpersoais, minimizar as situacións de conflito e propiciar novos itinerarios para o desenvolvemento persoal, social e cultural.

Competencias asociadas a esta función:

- Coñecementos teóricos e metodolóxicos sobre mediación nas súas diferentes acepcións.
- Destreza para recoñecer os contidos culturais, os lugares, os individuos ou os grupos para poñer en relación.
- Dar a coñecer os pasos ou ferramentas dos procesos na propia práctica.
- Saber relacionar os contidos, os individuos, os colectivos e as institucións.

### • **Coñecemento, análise e investigación dos contextos sociais e educativos**

Campo de responsabilidade que se refire á investigación e ao coñecemento das dinámicas institucionais e aos contextos sociais nas súas dimensións macro, meso e micro relacionados co desenvolvemento dun suxeito de dereito.

Competencias asociadas a esta función:

- Capacidade para detectar as necesidades educativas dun contexto determinado.
- Dominio dos plans de desenvolvemento da comunidade e desenvolvemento local.
- Dominio de métodos, estratexias e técnicas de análise de contextos socioeducativos.

## Documentos profesionalizadores



- Pericia para discriminar as posibles respostas educativas a necesidades, diferenciándoas doutros tipos de respostas posibles (asistenciais, sanitarias, terapéuticas etc.)
- Coñecemento e aplicación dos diversos marcos legislativos que posibilitan, orientan e lexitiman as accións do educador e da educadora social.
- Capacidade de análise e avaliación do medio social e educativo (análise da realidade).
- Coñecemento das diferentes políticas sociais, educativas e culturais.

### • **Deseño, implantación e avaliación de programas e proxectos educativos**

Campo de responsabilidade que se refire a accións, actividades e tarefas tanto en institucións como con programas, proxectos e actividades.

Competencias asociadas a esta función:

- Capacidade para formalizar os documentos básicos que regulan a acción socioeducativa: proxecto de centro, regulamento de réxime interno, plan de traballo, proxecto educativo individualizado e outros informes socioeducativos.
- Dominio de técnicas de planificación, programación e deseño de programas e/ou proxectos.
- Capacidade de poñer en marcha plans, programas, e/ou proxectos educativos e accións docentes.
- Coñecemento das diversas técnicas e métodos de avaliación.

### • **Xestión, dirección, coordinación e organización de institucións e recursos educativos**

Campo de responsabilidade que comprende accións e actividades relacionadas cunha finalidade socioeducativa.

## Documentos profesionalizadores

Competencias asociadas a esta función:

- Dominar os distintos modelos, técnicas e estratexias de dirección de programas, de equipamentos e de recursos humanos.
- Capacidade para formalizar os documentos básicos que regulan a acción socioeducativa: proxecto de centro, regulamento de réxime interno, plan de traballo, proxecto educativo individualizado e outros informes socioeducativos.
- Dominio de técnicas de planificación, de programación e de deseño de programas e/ou proxectos.
- Capacidade de poñer en marcha plans, programas, e/ou proxectos educativos e accións docentes.
- Destreza na xestión de proxectos, programas, centros e recursos educativos.
- Capacidade para a organización e xestión educativa de entidades e institucións de carácter social e/ou educativo.
- Capacidade de supervisar o servizo ofrecido respecto aos obxectivos marcados.
- Dominio en técnicas e estratexias de difusión dos proxectos.

### 4. BLOQUES DE COMPETENCIAS DA EDUCADORA E O EDUCADOR SOCIAL

Nesta epígrafe enuméranse un conxunto de bloques de competencias a partir da descrición das capacidades que o educador e a educadora social posúe para o seu desenvolvemento. Estes bloques refírense a competencias básicas, de primeira orde en calquera profesión, cuxo carácter obriga a presenza das dimensións teórica, ética e técnica na súa definición.

#### 1. Competencias relativas a capacidades comunicativas

Capacidade para expresarse de forma satisfactoria e para comprender distintos códigos referentes aos diferentes contextos socioculturais e profesionais.

Coñecemento e manexo das tecnoloxías de información e de comunicación, coa finalidade de incrementar as posibilidades de codificar



e ampliar o coñecemento e a información necesaria no exercicio profesional e enriquecer as formas de expresión e comunicación.

### **2. Competencias relativas a capacidades relacionais**

Capacidade de relacionarse con outras persoas ou grupos a través dunha escoita activa e formas de expresión clara, para o que se servirá dos diferentes medios e canles da comunicación das que dispón o contexto social onde se desenvolve a práctica profesional, así como das pericias e destrezas necesarias para poñer grupos en relación e mobilizalos para o desenvolvemento de accións de promoción da cultura e a participación cidadá.

### **3. Competencias relativas a capacidades de análise e síntese**

Capacidade para comprender as situacións sociais e educativas e diferenciar os feitos que as compoñen, para establecer unha visión dos diferentes elementos que entran en xogo. Sen esquecer a capacidade de análise e síntese das propias prácticas e, polo tanto, o coñecemento e a habilidade para analizar as destrezas do profesional e os efectos que producen de acordo con finalidades e obxectivos.

### **4. Competencias relativas a capacidades crítico-reflexivas**

Capacidade para o estudo e a comprensión dos contextos sociais, políticos, económicos, educativos, así como dos significados, interpretacións e accións que se produce neles.

Capacidade para contrastar as causas e os efectos das diferentes lóxicas postas en xogo neses contextos, coa finalidade de tomar decisións baseadas en criterios e principios recoñecidos e avalados pola profesión.

Pericia para auspiciar prácticas socioeducativas construídas dende lecturas persoais e colectivas da realidade social e institucional nas que se desenvolve.

Sensibilidade e destreza dos educadores e das educadoras sociais para reflexionar sobre o coñecemento práctico, o saber estratéxico e as decisións que hai que tomar e posibilitar novas realidades e significados máis acordes ás aspiracións de xustiza e equidade das profesións sociais.



### **5. Competencias relativas a capacidades para a selección e xestión do coñecemento e a información**

Capacidade para seleccionar, no continuo fluxo de informacións que producen as nosas sociedades, aquelas que resulten máis relevantes e decisivas para a institución ou organismo nos que traballan os educadores e as educadoras sociais.

Habilidade para distinguir, priorizar e outorgar sentido ás informacións e verbalizacións que os educadores e educadoras sociais reciben de parte dos suxeitos da educación ou outros profesionais, coa finalidade de obxectivar no posible o traballo educativo a realizar e/ou a derivación a outros profesionais.

## Documentos profesionalizadores



### O CADRO ESQUEMATIZA A CORRELACIÓN ENTRE FUNCIÓNS E COMPETENCIAS:

FUNCIÓN	COMPETENCIA
Transmisión formación, desenvolvemento e promoción da cultura.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Saber recoñecer os bens culturais de valor social<sup>1</sup>.</li> <li>• Dominio das metodoloxías educativas e de formación.</li> <li>• Dominio das metodoloxías de asesoramento e orientación.</li> <li>• Capacidade para particularizar as formas de transmisión cultural á singularidade dos suxeitos da educación<sup>2</sup>.</li> <li>• Dominio das metodoloxías de dinamización social e cultural.</li> <li>• Capacidade para a difusión e a xestión participativa da cultura.</li> </ul>
Xeración de redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Pericia para identificar os diversos lugares que xeran e posibilitan un desenvolvemento da sociabilidade, a circulación social e a promoción social e cultural.</li> <li>• Coñecemento e destreza para crear e promover redes entre individuos, colectivos e institucións.</li> <li>• Capacidade para potenciar as relacións interpersoais e dos grupos sociais.</li> <li>• Capacidade de crear e establecer marcos posibilitadores de relación educativa particularizados.</li> <li>• Saber construír ferramentas e instrumentos para enriquecer e mellorar os procesos educativos.</li> <li>• Destreza para a posta en marcha de procesos de dinamización social e cultural<sup>3</sup>.</li> </ul>
Mediación social, cultural e educativa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecementos teóricos e metodolóxicos sobre mediación nas súas diferentes acepcións.</li> <li>• Destreza para recoñecer os contidos culturais, lugares, individuos ou grupos para relacionar.</li> <li>• Dar a coñecer os pasos ou ferramentas dos procesos na propia práctica.</li> <li>• Saber relacionar os contidos, individuos, colectivos e institucións.</li> </ul>

(Continúa)

- 1 Bens de valor social entendidos na liña proposta polo informe da UNESCO A educación encerra un tesouro: ético e cultural artístico-científico/tecnolóxico e económico/social.
- 2 Suxeitos da educación refírese aos individuos, grupos ou comunidades que interveñen na acción socioeducativa.
- 3 Desenvolvemento cultural das comunidades e os colectivos.

## Documentos profesionalizadores



(Continuación)

FUNCIÓN	COMPETENCIA
<p>Coñecemento, análise e investigación dos contextos sociais e educativos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Capacidade para detectar as necesidades educativas dun contexto determinado.</li> <li>• Dominio dos plans de desenvolvemento da comunidade e desenvolvemento local.</li> <li>• Dominio de métodos, estratexias e técnicas de análise de contextos socioeducativos</li> <li>• Pericia para discriminar as posibles respostas educativas a necesidades, diferenciándoas doutros tipos de respostas posibles (asistenciais, sanitarias, terapéuticas etc.).</li> <li>• Coñecemento e aplicación dos diversos marcos legislativos que posibilitan, orientan e lexitiman as accións do educador e da educadora social.</li> <li>• Capacidade de análise e avaliación do medio social e educativo (análise da realidade).</li> <li>• Coñecemento das diferentes políticas sociais, educativas e culturais.</li> </ul>
<p>Deseño, implantación e avaliación de programas e proxectos en calquera contexto educativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Capacidade para formalizar os documentos básicos que regulan a acción socioeducativa: proxecto de centro, regulamento de réxime interno, plan de traballo, proxecto educativo individualizado e outros informes socioeducativos.</li> <li>• Dominio de técnicas de planificación, de programación e de deseño de programas e/ou proxectos.</li> <li>• Capacidade de poñer en marcha plans, programas, proxectos educativos e accións docentes.</li> <li>• Coñecemento das diversas técnicas métodos de avaliación.</li> </ul>
<p>Xestión, dirección, coordinación e organización de institucións e recursos educativos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dominar os distintos modelos, técnicas e estratexias de dirección de programas, equipamentos e recursos humanos.</li> <li>• Destreza en xestión de proxectos, programas, centros e recursos educativos.</li> <li>• Capacidade para a organización e xestión educativa de entidades e institucións de carácter social e/ou educativo.</li> <li>• Capacidade de supervisar o servizo ofrecido respecto aos obxectivos marcados.</li> <li>• Dominio en técnicas e estratexias de difusión dos proxectos.</li> </ul>

ASEDES, Julio, 2007

## ANEXO I

Acórdase que se poida anexar voluntariamente un documento de posibles ámbitos e perfís do Educador e da Educadora Social por parte das entidades e colexios que así o estimen necesario cando difundan o documento nos seus territorios.

(Reunión colexiada en Murcia o 16 de decembro de 2006).